

ACTA

PROCESO SELECTIVO: CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 6 AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE RIANXO

Na casa municipal (Rianxo) , ás 12:30 horas, do día 31 marzo de 2017, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación temporal de 6 auxiliares de policía local segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 10/03/2017 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 241/2017, do 24/03/2017, coa seguinte composición:

Presidente: , Antonio Tubío Piñeiro xefe da policía local de Rianxo

Vogal: Ramón Raúl Frieiro Romero, policía local de Rianxo

Vogal: Francisco Javier Abeijón Brea, Xefe de policía Local de Padrón

Vogal: Juan Antonio González Sampedro, Policía Local de Riveira

Secretaria: Patricia Sánchez Castelo , Secretaria municipal de Rianxo

Unha vez que acceden ao recinto as persoas aspirantes, as 12:30 comeza o chamamento das persoas admitidas que superaron a proba de coñecementos (A:2) do que resulta a seguinte listaxe de persoas non presentadas:

Luis Javier Dieste Lesende

Quedando excluída do proceso a persoa non presentada.

Despois de comunicar as instrucións para a realización do exame, ás 12:35 h comeza a proba que ten unha duración de 60 minutos . Remata a proba ás 13:35 horas .

Unha vez rematado exercicio o tribunal pasa resolver a alegación interposta por Don Juan Antonio Sampedro Fernández (con RE 30 marzo de 2017 num 1910)no que alegaba que o tribunal debería considerar como resposta correcta a opción C da pregunta 21

Tendo en conta que a culpabilidade ven derivada do resultado (intencionado ou non) da acción podendo ser ésta dolosa ou culpable. Nese senso o dolo é a máxima expresión da culpa.

A resposta C que estima o recurrente como como correcta redonda na culpabilidade ó engadir como característica coa conxunción "e" a de culpable á previamente citada en primeiro lugar como de dolosa.

Pola súa banda a resposta D sinala "dolosa ou imprudente" (intencionada ou non) da acción típica e antixurídica prevendo as dúas posibilidades de culpabilidade.

Polo exposto o tribunal por unanimidade acorda que NON procede estimar alegación interposta xa que a opción correcta e a D.

A continuación o tribunal pasa a correxir os exames da proba de características propias do Concello e a toponimia local co seguinte resultado segundo cadro adxunto :

Apelidos e nome	Resultados proba características propias do Concello , toponimia local .	APTO/ NON APTOS
Blanco Ansoar, Francisco Javier	0,6	NON APTO
Dieste Lesende, Luis Javier	No presentado	-----
Fachado Blanco, Carlos	2,4	APTO
Figueira Ordóñez, Oscar	2,6	APTO
Iglesias Sobradelo, Joaquín	2,8	APTO
Outeda Graña, Andrea	1,85	APTO
Outón Tomé, Martín	1,05	NON APTO
Paz Cadabal, Alfonso	2,35	APTO
Pérez García, Alejandro	1,15	NON APTO
Prego Betanzos, Oscar	1,3	NON APTO
Sampedro Fernández, Juan Antonio	1,6	APTO
Vidal Bravo, Daniel	2,4	APTO

PUNTUACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

Efectuadas as cualificacións dos exercicios da FASE DE OPOSICIÓN obtense a seguinte puntuación final entre os aptos por orde decrecente. Verifícase que todos os que superaron as probas dispoñen do dispoñen do título de galego

NOME	Puntuacion final	ORDEN
Iglesias Sobradelo, Joaquín	12,53	1º
Vidal Bravo, Daniel	12,40	2º
Figueira Ordóñez, Oscar	12,06	3º
Sampedro Fernández, Juan Antonio	11,33	4º
Fachado Blanco Carlos	10,63	5º
Outeda Graña Andrea	10,51	6º
Paz Cadaval Alfonso	8,08	7º

De acordo coas bases de selección, e de acordo coa puntuación total obtida polos aspirantes, o Tribunal efectúa a seguinte **proposta a favor dos aspirantes seleccionados no proceso de selección de Auxiliares de Policía Local do Concello de Rianxo**:

APELIDOS E NOME
Iglesias Sobradelo, Joaquín
Vidal Bravo, Daniel
Figueira Ordóñez, Oscar
Sampedro Fernández, Juan Antonio
Fachado Blanco Carlos
Outeda Graña Andrea

No caso de renuncia dalgún dos 6 seleccionados ao posto de auxiliar de policía local , **noméase suplente** ao seguinte aspirante en puntuación:

APELIDOS E NOME
Paz Cadaval Alfonso

Cada un dos aspirantes propostos presentará no Departamento da Policía Local do Concello, no prazo de 5 días naturais (contados a partir do resultado da selección):

- Declaración de que segue a cumprir todos e cada un dos requisitos da base 3ª apartado 1º.
- Declaración de non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.
- Acreditación do previsto na base 3ª. Apartado 3º, de se-lo caso.

Os aspirantes que non tiveran vixente o curso teórico-práctico que imparte a Academia Galega de Seguridade Pública, deberán realizar dito curso.

Se algún aspirante proposto tivera a condición de funcionario público ou de traballador laboral fixo ao servizo de calquera das Administracións Públicas, estará exento de xustificar documentalmente as condicións ou requisitos xa demostrados para obter-lo seu anterior nomeamento, debendo neste caso, presentar certificado do Organismo do que dependa, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir-los requisitos esixidos, non será nomeado, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 14:20 horas do 31/03/2017, do que como secretaria se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.

Contra o presente acordo poderá interpoñerse un recurso de alzada ante este órgano ou directamente ante o alcalde no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa recepción, de conformidade co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sen perxuízo de calquera outro estime convínzte.

En Rianxo a 31 de marzo de 2017

A secretaria . Patricia Sánchez Castelo